



CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O PROXECTO DE APROBACIÓN DUNHA NOVA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 6, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

O Concello da Coruña convoca unha consulta pública previa á elaboración do proxecto para a aprobación e imposición dunha nova ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos, co obxecto de cumprir coas obrigas impostas pola Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

O artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, fai referencia á participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos. No seu apartado primeiro establece: “Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, substanciarase unha consulta pública”.

Por conseguinte, **a cidadanía e as organizacións potencialmente afectadas pola aprobación desta nova ordenanza poderán achegar as súas opinións e suxestións respecto da nova normativa municipal que se prevé establecer a través do formulario habilitado na web municipal e para iso disporán dun prazo de 20 días hábiles (contado a partir do 21.03.2025 e que finalizará o 21.04.2025, ambos incluídos).**

1.- Antecedentes e cuestións que pretende solucionar a iniciativa. Necesidade e oportunidade da súa aprobación

De acordo co que dispón o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza fiscal, procede levar a cabo unha consulta pública, a través do portal web do Concello da Coruña, co obxectivo de recoller a opinión da cidadanía e organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

En cumprimento do mencionado, o marco no que se propón esta nova ordenanza é o seguinte:

A) Antecedentes e problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

O punto de partida é a [Directiva 2008/98/CE](#), que estableceu uns obxectivos ambiciosos para a redución, reutilización e reciclaxe de residuos municipais e obrigou aos estados membros a tomar diferentes medidas, enumerando distintos instrumentos económicos, entre os que se atopan as taxas e os sistemas de pago por xeración de residuos.

Na normativa española, e para dar cumprimento aos obxectivos comunitarios, aprobouse a [Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular](#), que, cumprindo coas recomendacións da Comisión Europea, implantou a obriga para as entidades locais de establecer, no prazo de tres anos, unha taxa ou prestación patrimonial pública non tributaria polo servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e voluminosos.

B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

O apartado 3º do artigo 11 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, **establece que as entidades locais deberán ter aprobada unha taxa ou, no seu caso, unha prestación patrimonial de carácter público non tributaria, específica, diferenciada e non deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por xeración e que reflecta o custo real, directo ou indirecto, das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos**, incluídos a vixilancia destas operacións e o mantemento e vixilancia posterior ao peche dos vertedoiros, as campañas de concienciación e comunicación, así como os ingresos derivados da aplicación da responsabilidade ampliada do produtor, da venda de materiais e de enerxía **no prazo tres anos desde a entrada en vigor da lei**.

A antedita lei foi publicada no BOE número 85, do 09.04.2022, con entrada en vigor o 10.04.2022.



C) Obxectivos da norma

O obxectivo pasa por establecer e regular a taxa do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos e voluminosos; de forma que permita implantar un sistema de pago por xeración, de acordo co disposto no artigo 11.3 da Lei 7/2022, co propósito de que paulatinamente se incorporen estes sistemas, en consonancia co principio de xerarquía de residuos e de “quen contamina paga” que preside a devandita regulación.

Na fixación do importe da exacción poderase ter en conta a capacidade económica dos suxeitos obrigados ao pago. Este principio debe conxugarse co principio de pago por xeración, de tal maneira que, no estudo previo da ordenanza débese concretar, por sectores ou actividades, a cantidade e tipoloxía dos residuos, para así poder distribuír o custo total do servizo entre suxeitos pasivos dunha maneira proporcionada, tanto á súa capacidade contributiva como á cantidade de residuos producidos que deben ser tratados.

A regulación da taxa poderá ter en conta, entre outras, as particularidades seguintes:

- a) A inclusión de sistemas para incentivar a recollida separada en vivendas de alugueiro vacacional e similar.
- b) A diferenciación ou redución no suposto de prácticas de compostaxe doméstica ou comunitaria ou de separación e recollida separada de materia orgánica para facer compost.
- c) A diferenciación ou redución no suposto de participación en recollidas separadas para a posterior preparación para a reutilización e reciclaxe, por exemplo en puntos limpos ou nos puntos de entrega alternativos acordados pola entidade local.
- d) A diferenciación ou redución para as persoas e as unidades familiares en situación de risco de exclusión social.

Por tanto, o obxectivo desta ordenanza é adecuar o réxime de regulación da tarifa do servizo de recollida, tratamento e eliminación dos residuos sólidos urbanos, que pasa da vixente taxa á nova, denominada taxa pola prestación do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos.

D) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Sen prexuízo de referenciar as taxas que se inclúan na ordenanza fiscal a elementos que determinen o pago por xeración, o Concello da Coruña incorporará gradualmente outros elementos que teñan en conta o comportamento da cidadanía na xeración de residuos, sendo admisibles xunto cos sistemas que xa permitan unha individualización da cota outros que prevexan reducións ou incentivos a determinados comportamentos.